



Hai xa moitos anos había un Emperador tan afeccionado aos traxes novos que todo canto tiña gastábao en vestir ben e ir á moda. Non lle importaban gran cousa os seus soldados nin lle chamaba a atención ir ao teatro nin pasear no seu coche polo bosque, non sendo que fose para campar cos seus traxes novos. Tiña un vestido diferente para cada hora do día e, do mesmo xeito que se di dun rei que se atopa reunido co seu Consello, del dicíase sempre: "O Emperador está no vestiario co seu xastre."

A grande cidade na que vivía estaba chea de atraccións e visitábana a cotío unha moitedume de turistas. Presentáronse un día dous larcháns que se facían pasar por tecedores, porfiando que sabían tecer as teas máis maravilosas que se



puideran imaxinar. Non era só polas súas cores e os debuxos dunha insólita beleza que as súas obras ofrecían, era que as prendas que con elas se confeccionaban posuían unha virtude milagreira: a de converter en invisíbeis a todos cantos non fosen merecentes do seu cargo ou a quen for irremediabelmente estúpido.

“Pois deben ser vestidos magníficos!” pensou o Emperador. “Se os levase eu, podería averiguar que funcionarios do reino son indignos do cargo que desempeñan. Podería distinguir os listos dos parvos. Si, debo encargarme deseguida un traxe destes.” E entregou moitísimo diñeiro a aqueles estafadores para que comezasen o seu traballo.

Instalaron dous teares e fixeron coma quen que andaban a traballar neles, aínda que os teares

estaban absolutamente baleiros. Con toda urxencia esixiron as sedas máis finas e o fío de ouro da mellor calidade. Gardaron nos seus fardeis todo iso e traballaron nos teares baleiros ata a alta noite.

“Gustaba eu de saber o que leva avanzado a tea” pensaba o Emperador, pero no seu interior atopábase un pouco confuso dubidando se el sería ou non indigno ou parvo para o seu cargo e se podería ver o que estaban tecendo. Non é que tivese dúbidas sobre si mesmo; pero, por si ou por non, prefería enviar primeiro a outro para ver como andaban as cousas. Todos os habitantes da cidades estaban informados da particular virtude daquela tea, e todos estaban desexosos de ver o parvo ou inútil que era o seu veciño.



“Enviarei ao meu vello ministro a que visite aos tecedores” pensou o Emperador. “É un home honrado e o máis indicado para ver se o traballo progresa, pois é un home asisado e non hai outro que desempeñe o cargo coma el.”

O vello e digno ministro presentouse, pois, na sala ocupada polos dous pícaros, que seguían a traballar nos teares baleiros. “Deus me ampare!” pensou o vello ministro, regalando os ollos de a cuarta. “Pero se non vexo un cachapo!” Aínda que tivo conta de non dicir nada. Os estafadores pedíronlle que se achegase e preguntáronlle pola beleza da cor e do deseño. Ao dicirlllo íanlle sinalando o tear baleiro e o pobre ministro seguía cos ollos de fóra pero sen ver nada, xa que nada había.





“Meu Deus! pensou, “e serei parvo? Nunca tal pensara e non o pode saber ninguén. Será posíbel que sexa un inútil que non val para o cargo? Non debo dicir a ninguén que non vin a tea.”

“Que? Non dices nada do tecido?” preguntou un dos pillabáns.

“Oh, precioso, marabilloso!” retrucou o vello ministro ollando a través dos lentes. “Que deseños, que cores! Abofé que lle hei dicir ao Emperador que me gustou extraordinariamente.”

“Canto nos prace” dixeron os teceláns, dándolle os nomes das cores e describíndolle o raro deseño. O vello ministro tivo boa conta de quedarse coas explicacións para poderllas repetir



Emperador e así o fixo.

Os estafadores volveron pedir máis diñeiro, máis seda e máis ouro, porque seica o necesitaban para continuar tecendo. Almacenárono nas súas alforxas e nin unha febra se empregou no tear, malia continuaren eles coma antes, traballando arreo no tear baleiro. Ao pouco, o Emperador enviou outro funcionario que tiña de man a inspeccionar o estado do tecido e a se informar de se o traxe quedaría axiña preparado. Ao segundo emisario aconteceulle o mesmo ca ao primeiro; mirou e remirou, mais coma non había nada no tear, nada viu.

“Precioso tecido, non é verdade?” preguntaron os trampulleiros explicando e acenando para o precioso deseño que non existía.

“Eu non son parvo” pensou o funcionario. “Daquela será que non merezo o alto cargo que ocupo! Cousa máis estraña...! Mais é preciso que ninguén se decate.” E velaí que gabou a tea que non vía e expresou a súa satisfacción por aquelas cores espléndidas e por aquel deseño tan fermoso.

“Évos digno de admiración!” -informou ao Emperador.

Todos na cidade andaban a falar da luxosa tea, tanto que o mesmiño Emperador quixo vela antes de que saíse do tear. Seguido por unha corte de personaxes distinguidos, entre os que figuraban os dous vellos e bos funcionarios que xa foran antes, encamiñouse cara a sala onde se atopaban os dous argalleiros, que seguían a tecer



a fío, aínda que sen febra nin fío.

“E non é certo que é admirábel?” preguntaron os dous honrados funcionarios. “Repare Vosa Maxestade nestas cores e nestes debuxos” -e sinalaban o tear baleiro, coma se os demais visen perfectamente a tea.

-“Que é isto?” -pensou o Emperador- “Eu non vexo nada! Isto é terríbel! Serei parvo? Non merecerei ser emperador? Había ser espantoso se tal acontecese!”

-“Oh, e que belida!” –dixo en voz alta- “Ten a miña real aprobación.” -E cun xesto de compracencia ollaba o tear baleiro, sen dicir cousa de que non vía nada. O séquito ao completo ollaba e volvía ollar, pero ningún viu



absolutamente nada; con todo, exclamaban coma o Emperador:

“Oh, é belísima!” e aconsellárono para que fixese un traxe con aquela nova tea tan marabillosa e que o estrease no desfile que estaba a piques de se celebrar.

“É preciosa, elegantísima, estupenda!” corría de boca en boca, e todos estaban entusiasmados con ela. O Emperador concedeu a cada un dos galopíns unha Cruz de Cabaleiro para que as levasen na lapela e nomeounos Cabaleiros Teceláns.

Toda a noite da véspera da festa os dous falsarios estiveron erguidos, con máis de dezaseis lámpadas acesas. A xente puido ver que



traballaban activamente na confección do novo traxe do Emperador. Arremedaron o ademán de tirar a peza de tea do tear, cortaron o aire con enormes tesoiras e coseron con agullas sen febra de fío; finalmente, berraron:

“Olládeo, o traxe está listo!”

Velaí que chega o Emperador na compañía dos seus cabaleiros máis sobranceiros, e os dous caloteiros, erguendo os brazos coma se termasen de algo, dixeron:

-“Estes son os pantalóns! A casaca! O manto!..".. E deste xeito foron nomeando as pezas todas do traxe. As prendas son liviás coma as arañeiras, talmente coma se non levase nada no corpo, mais este é precisamente o mérito da tea.



“De certo que si!” asentían todos os cortesáns, sen veren nada, porque non había nada.

“Quere Vosa Maxestade espir o traxe que leva” dixeron os dous estafadores “para que poidamos probarlle os novos vestidos diante do gran espello?”

O Emperador despoxouse do que levaba posto e os falsarios semellaron entregarlle as diversas pezas do vestido novo, que pretendían ter rematado pouco antes. A seguir fixeron como se atasen algo ao van do Emperador: era a cola; e o Monarca movíase e pandábase todo diante do espello.

-“Deus, como campá, que ben lle está!” exclamaron todos “Que deseños, vaia cores... É un traxe magnífico!”

“O palio para o desfile está xa a agardar por vós na rúa, Maxestade” anunciou o mestre de cerimoniais.

“Si, estou preparado!” dixo o Emperador. “Verdade que me senta ben?” E de novo ollouse no espello, facendo coma se estivese a contemplar os seus vestidos.

Os chambeláns encargados de levar a cola baixaron as mans ao chan como para erguela e seguiron coas mans en alto coma se sostivesen calquera cousa no aire; por nada do mundo confesarían que non vían nada. E deste modo



marchou o Emperador en procesión baixo o espléndido palio, mentres a xente toda na rúa e nas fiestras dicía:

“Que precioso é o novo traxe do Emperador! Que magnífica cola! Que ben lle vai!” Ninguén permitía que o outros percibisen que non vían nada, porque iso significaría que eran indignos do seu cargo ou que eran parvos de todo. Ningún traxe do Emperador tivera ata daquela un éxito coma aquel.

“Pero... se vai encoiro!” exclamou de súpeto un cativiño.

“Meu Deus, escoitade a voz da inocencia!” dixo o seu pai; e todo o mundo comezou a resmungar sobre o que viña de dicir o pequeno.



“Pero se non leva nada enriba! É un neno quen di que non leva nada posto!”

“Non leva traxe”! berrou, ao fin, todo o pobo.

Aquilo alarmou ao Emperador, porque pensaba que o pobo levaba razón, pero díxose:

“Hai que seguir no desfile ata o fin.”

Daquela, ergueuse con máis fachenda ca nunca e os chambeláns seguiron portando a inexistente cola.





